




SALTO DO CENZA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: Vilariño de Conso-Castiñeiras: 6 km

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Na parroquia de Castiñeiras do concello de Vilariño de Conso.

O río da Cenza nace na Serra da Queixa e á altura de Castiñeiras salva un desnivel en rochas graníticas de máis de 100 m de altura (é a ferverza máis alta de Galicia). Antes do salto o río forma un pequeno canón con varios saltos máis pequenos, pozas e rápidos.

A zona está moi deteriorada por unha canteira e o caudal do río está moi diminuído polo encoro que ten no curso alto.

COMO CHEGAR:

Pola estrada de Vilariño de Conso a San Cristovo cóllese un desvío a Castiñeiras. Un pouco antes de entrar cóllese unha pista á esquerda (1,8 km) que vai á parte alta da ferverza. A ferverza pódese ver mellor desde a estrada que vai á Pradoalvar pola outra beira do val. Tamén se pode acceder a pé desde Vilariño de Conso (3 km ida e volta).

